

## ÍNDICE

<b>Identificación da programación</b>	3
<b>Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo</b>	3
<b>Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.</b>	5
<b>Metodoloxía</b>	5
<b>Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.</b>	6
<b>Procedemento para a recuperación das partes non superadas</b>	8
<b>Procedemento para definir as actividades de recuperación</b>	
<b>Procedemento para definir a proba de avaliación na convocatoria extraordinaria</b>	9
<b>Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente</b>	9
<b>Medidas de atención á diversidade</b>	10
Procedemento para a realización da avaliación inicial	
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados	11
<b>Aspectos transversais</b>	12



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2023 - 2024

### Ensinanza

Currículo	Ensinanzas	Título	Grao	Réxime
DECRETO 372/2003, do 16 de setembro	DEPORTIVAS (RÉXIME ESPECIAL)	TÉCNICO DEPORTIVO EN BALONMÁN (1020 h)	MEDIO	PRESENCIAL

### Módulo profesional

Código	Nome	Curso	Trimestre	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
M4	FUNDAMENTOS SOCIOLÓXICOS DO DEPORTE	N1	1º	5	5	5

### Profesorado responsable

Elaboración	EMILIO PINTOS SOTO
Impartición	EMILIO PINTOS SOTO

## 2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Competencias específicas do módulo (saber e saber facer):

1. Comparar as distintas concepcións sobre o deporte e identificar valores transmisibles a través deste.
2. Identificar as actuacións do técnico deportivo no proceso de transmisión de valores.
3. Empregar correctamente as técnicas útiles na transmisión dos valores na elaboración dunha sesión.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descrición</b>	<b>Duración (sesións)</b>
<b>1</b>	DEPORTE E TRANSMISIÓN DE VALORES	Análise das posibilidades que o deporte ofrece como medio de transmisión de valores.	5
<b>TOTAL</b>			<b>5</b>

**4. Metodoloxía**

Baseada no aprendizaxe práctico e titorizado, con actividades que estimulen a investigación e o coñecemento segundo a aplicación do método científico, a resolución de problemas reais e a evolución fronte un aprendizaxe autónomo, autorregulado e con emprego de TIC.

Os traballos de investigación, os estudos de caso, a confección de apuntes, a elaboración de informes, os resumos, a construción mapas conceptuais, as buscas de información, a presentación de posters científicos, as actividades expositivas, a defensa de proxectos e os grupos de discusións serán as principais categorías de actividades a desenvolver durante as clases.

## 5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade.
2. O proceso de avaliación será continuo o longo de todo o proceso formativo.
3. Permitirase ata un máximo de 1PL/curso de faltas a clase para manter o dereito a avaliación continua (70 %).
4. A acumulación de 3 retrasos superiores a 9 minutos suporán 1 falta de asistencia.
5. A acumulación de 5 retrasos inferiores a 10 minutos suporán 1 falta de asistencia.
6. Os retrasos inferiores a 10 minutos poderán ser equivalentes a retrasos superiores a 9 minutos en función do tempo do retraso acumulado.
7. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar as probas de avaliación en convocatoria extraordinaria, a cal farase con posterioridade convocatoria ordinaria do módulo.
8. O alumno/a que esgotara as catro convocatorias máximas poderá solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha convocatoria mais extraordinaria, sempre e cando se atope e xustifique documentalmente calquera das circunstancias que contempla a lexislación vixente (Doenza prolongada propia ou familiar, discapacidade, violencia de xénero ou circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario de estudos).
9. Como mínimo o alumno/a deberá ser capaz de acadar de xeito básico as seguintes competencias específicas do módulo:

- a. Comparar as distintas concepcións sobre o deporte e identificar valores transmisibles a través deste.
- b. Identificar as actuacións do técnico deportivo no proceso de transmisión de valores.
- c. as distintas concepcións sobre o deporte e identificar valores transmisibles a través deste.
- d. as distintas concepcións sobre o deporte e identificar valores transmisibles a través deste.

10. A avaliación continua do módulo terá en conta:

- a) O traballo do alumno/a (W); valorarase nunha escala 1 – 10 e suporá un 40 % da cualificación final. Para a avaliación dos traballos terase en conta a orixinalidade, a calidade da presentación, a coherencia na estrutura e contidos, a claridade expositiva, a capacidade de síntese, o tipo de linguaxe empregada e o respecto aos prazos de entrega. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas nos traballos realizados.
- b) O aprendizaxe dos alumnos/as (L); valorarase nunha escala de 1 – 10 e suporá o 60 % da cualificación final. O instrumento de avaliación empregado será a realización de probas escritas de resposta múltiple e/ou resposta curta. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das probas realizadas.

11. A cualificación final do módulo (F) valorarase nunha escala de 1 – 10 e calcúlase:

$$F = k \cdot (W \cdot 0,4) + L \cdot 0,6$$

12. O valor de k é un coeficiente que terá en conta as faltas de asistencia:

Faltas (pl)	k
0	1

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Durante o curso poderanse facer conforme o horario elaborado pola xefatura de estudos actividades de apoio, recuperación e avaliación para aqueles alumnos/as que non acadaran unha avaliación positiva na avaliación final do módulo.
2. As actividades de recuperación e apoio definiranse conforme os resultados obtidos polos alumnos/as na avaliación anterior e centraranse de xeito concreto nos erros e as dificultades mostradas.
3. O marxe do tratamento específico destas actividades manterase un enfoque global e integrador dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos do módulo.
4. Aplicarase unha metodoloxía baseada na resolución de problemas, a investigación e o aprendizaxe práctico, coa realización de actividades expositivas, actividades guiadas, actividades que estimulen o aprendizaxe autónomo, autorregulado e co emprego de TIC.
5. Se fose necesario o comezo do período de actividades faríase unha proba de diagnose complementaria para determinar con maior precisión as necesidades de aprendizaxe dos alumnos/as.

### 6.2 Procedemento para definir a proba de avaliación na convocatoria extraordinaria



1. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar probas de avaliación nunha convocatoria extraordinaria.
2. A proba da convocatoria extraordinaria deberá medir de xeito mínimo as capacidades terminais elementais asociadas á unidade de competencia asociada o módulo (Regras de Xogo I).
3. A proba poderá conter preguntas de resposta corta e/ou preguntas de resposta múltiple e/ou resolución de supostos prácticos e para obter avaliación positiva na mesma o alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de 5 nunha escala de 1 – 10.
4. A cualificación obtida polo alumno/a na proba extraordinaria será a súa cualificación final do módulo no curso e non poderá superar os 7 puntos.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

1. Faranse reunións de departamento periódicas para o seguimento da programación didáctica do módulo.
2. Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino – aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.
3. O remate do curso e con anterioridade ó 30 de xuño, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os

recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. TEMPORALIZACIÓN: A xuntanza de avaliación inicial farase despois de un mes a partir do comezo do curso.

2. OBXECTIVOS:

- a) Coñecer as características, capacidades e formación previa dos alumnos/as.
- b) Orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

3. METODOLOXÍA:

1. O titor/a do curso aportará información relevante sobre aspectos que incidan no proceso educativo dos alumnos/as. Entre outras fontes, a información poderá obterse de :

- a) Os informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Os estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) O alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Os informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) A experiencia profesional previa.

- f) A matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
  - g) A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
2. O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.
  3. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

## 8.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais:
  - a) Adaptación das condicións de accesibilidade ó centro.
  - b) Adaptación dos recursos de apoio.
  - c) Flexibilización para cursar o módulo cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (require autorización administrativa).
2. No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:
  - a) Actividades de reforzo individualizadas.
  - b) Favorecer un método de aprendizaxe baseado na práctica, experiencia e investigación a partir de intereses dos alumnos/as, estudos de caso e o emprego de recursos TIC.
  - c) Deseño de probas de avaliación en coherencia cos métodos propostos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.1 Actividades complementarias e extraescolares

1. Charla coloquio dun árbitro de categoría nacional.
  2. Visión de partidos de categorías inferiores, Asobal e Balonmán playa.
  3. Intervención como árbitro nun partido de práctica.

## 10. Bibliografía recomendada

Dunning, Eric. El fenómeno deportivo: estudios sociológicos en torno al deporte, la violencia y la civilización. Paidotribo, 2001

<http://books.google.es/books?id=W1RXY88chbcC&pg=PA22&dq=sociolog%C3%ADa+y+deporte&hl=es&sa=X&ei=a3kiVMGkDc6d7gaS74H4Ag&ved=0CDYQ6AEwBA#v=onepage&q=sociolog%C3%ADa%20y%20deporte&f=false>

Manuel García Ferrando, Núria Puig i Barata, Francisco Lagardera Otero. Sociología del deporte. Alianza, 2002

<http://books.google.es/books?id=7N4Q2oMkxxcC&dq=sociolog%C3%ADa+y+deporte&hl=es&sa=X&ei=a3kiVMGkDc6d7gaS74H4Ag&ved=0CCIQ6AEwAA>

Pierre Parlebas, JUEGOS, DEPORTE Y SOCIEDADES. Paidotribo, 2001

<http://books.google.es/books?id=vxDwXPRBnuoC&pg=PT37&dq=sociolog%C3%ADa+y+deporte&hl=es&sa=X&ei=a3kiVMGkDc6d7gaS74H4Ag&ved=0CDsQ6AEwBQ#v=onepage&q=sociolog%C3%ADa%20y%20deporte&f=false>